

MANIFESTO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Dende o *Concello de Soutomaior* e o *Centro de Información á Muller* queremos manifesta-la máis absoluta e enérxica condena ante as inadmisibles situacións de violencia que, aínda que pareza inconcibible, se seguen a producir neste recentemente comezado século XXI, ó tempo que expresamos a nosa máis sincera solidariedade para coas vítimas e os seus familiares.

Consideramos que a violencia contra as mulleres non pode ser tratada por máis tempo como un problema persoal ou privado, senón que debe afrontarse como o que realmente é, unha flagrante violación dos Dereitos Humanos máis elementais e un atentado contra a esencia mesma da convivencia en liberdade e democracia.

Precisamente por esta dimensión social e cultural inherente á violencia de xénero, estamos convencidos de que só a través da asunción dunha responsabilidade compartida por parte da cidadanía no seu conxunto, poderemos erradicar definitivamente esta terrible lacra da nosa sociedade.

A través deste manifesto queremos deixar constancia, unha vez máis, do noso compromiso persoal nesta loita contra calquera acto que atente contra a integridade e dignidade da muller, e defender unha sociedade xusta e paritaria na que mulleres e homes poidamos participar equilibradamente en tódolos ámbitos e tomar conxuntamente as decisións que nos afectan.

ANO 2009 (DATOS DO INSTITUTO DA MULLER, 07/01/2010):

55 MULLERES MORTAS EN ESPAÑA A MANS DA SÚA PARELLA OU EX-PARELLA.

ANO 2010 (DATOS DO INSTITUTO DA MULLER, 06/04/2010):

16 MULLERES MORTAS EN **ESPAÑA** A MANS DA SÚA PARELLA / EX-PARELLA.

0 mulleres mortas en **Galicia** a mans da súa parella ou ex-parella.